

Terceiro Ciclo Primaria  
Día das Letras galegas 2011



Seminario de Formación Permanente «Lois Pereiro»  
Xulio Gallego Revaldería  
Armando Xosé Herrero Mayor  
M.ª Luisa Mosquera Seijo  
Paz Santiso Andrade  
Ana María Seijo López  
Mario Ramón Suárez Hermida

Seminario de Formación Permanente «Material didáctico sobre Lois Pereiro»  
María José Fernández de Sanmamed Maneiro  
Magdalena Alonso Franco  
Eva Raquel Guimarey Cedeira  
M.ª Isabel Hortas González  
M.ª Jesús Souto Pereira  
María José Vidal Dopazo

Seminario de Formación Permanente «Lois Pereiro na Rede»  
Ana Fernández Jonte  
Vanessa Guimarey Cedeira  
Manuel Paz Anido  
Julio Pedrosa Moreno  
José Antonio Picado Rodríguez  
M.ª Belén Suárez Carballo

Asesoría pedagóxica CEFORE A Coruña  
Xosé Antón Amil García  
Maquetación e deseño gráfico  
Manolo Paz Anido ([www.edugaliza.org](http://www.edugaliza.org))

Colexios participantes  
CEIP Galán, de Oseiro-Arteixo  
CEIP Eusebio da Garda, da Coruña  
CEIP Torrente Ballester, de Sigrás-Cambre  
CEIP Luís Seoane, de Mera-Oleiros  
CEIP Montel Touzet, da Coruña  
CEIP Portofaro, do Temple-Cambre  
CEIP Praia de Quenxe, de Corcubión  
CEIP Virxe do Mar, de Narón  
CEIP W. Fernández Flórez, de Cambre  
CEI de Vilarrodris, en Arteixo  
CEIP San Xosé Obreiro, de Meicende, Arteixo  
CEIP María Barbeito, da Coruña

Á Real Academia Galega, a Víctor Echave e a Xosé Manuel Pereiro pola súa colaboración e xenerosidade.

Edita  
Seminario Permanente de Formación do Profesorado do CEIP de Galán,  
Oseiro-Arteixo (A Coruña)  
<http://www.seminariogalan.org>  
ISBN -13: 978-84-694-1128-5



O Día das Letras Galegas foi instituído pola Real Academia Galega, no ano 1963, para homenaxear a aquelas persoas que salientasen pola súa creación literaria en idioma galego ou pola defensa do noso idioma. Este ano 2011, o 17 de maio, adícaselle a Lois Pereiro, pola importancia e modernidade da súa poesía.

Lois Ángel Sánchez Pereiro, máis coñecido por Lois Pereiro, naceu en Monforte de Lemos (Lugo), o 16 de febreiro de 1958 e morreu na Coruña, en 1996. Despois de facer os estudos elementais en Monforte marchou, con dezasete anos, a Madrid a estudar na súa universidade a carreira de Socioloxía, aínda que, sen que rematase o primeiro trimestre, voltou de novo a Monforte, onde traballou na cristalería paterna colocando vidros polas obras.

Ao ano seguinte regresou a Madrid para estudar na Escola Oficial de Idiomas, francés, inglés e alemán. Durante este tempo participa na elaboración da revista *Loia*, xunto co seu irmán Xosé Manuel, Manolo Rivas, Antón Patiño e outros galegos afincados na capital. Desta revista só se editaron catro números e todos eles realizados con fotocopias.

No ano 1981, xa con graves problemas de saúde, regresa definitivamente a Galicia, onde colabora en varias antoloxías poéticas *De amor e desamor* (1984 e 1985) e tamén na revista *Luzes de Galiza*, onde publicará oito capítulos dunha novela que deixará sen rematar: *Náufragos do paradiso*.

Publicou varios libros de poemas: *Poemas e Poesía última de amor e enfermidade*.

No seu libro póstumo *Poemas para unha loia*, recóllense versos escritos durante a súa estancia madrileña.



*Lois Pereiro, nunha caricatura de Xulio Gallego*



*Portada da biografía de Lois, editada no 2010, con textos de Xosé Manuel Pereiro, Lino Braxe e Xurxo Souto.*



*Lois, diante, aos dez anos, co seu irmán e o seu tío Pepe. Arquivo familiar Sánchez Pereiro*








# 1.- ANO A ANO NA VIDA DE PEREIRO

Ordena cronoloxicamente os seguintes datos da vida de Lois Pereiro.

*Estuda na Escola Oficial de Idiomas de Madrid.*
 *Adícaselle o Día das Letras Galegas, 2011*

*Nace en Monforte de Lemos, Lugo.*
 *Estuda Socioloxía na Universidade madrileña.*

*Morre na Coruña.*
 *Institúese o Día das Letras Galegas.*
 *Volta a Galicia con problemas de saúde.*

<b>1958</b>		_____
<b>1963</b>		_____
<b>1975</b>		_____
<b>1976</b>		_____
<b>1981</b>		_____
<b>1996</b>		_____
<b>2011</b>		_____


# 2.- CALES SON DE LOIS PEREIRO?

Arrodea de cor os libros escritos por Lois Pereiro.



### 3.- ENCRUCILLADO

Completa este encrucillado con datos referidos á vida de Lois Pereiro.



- 1.- Nome da revista, editada en Madrid, na que participou Lois Pereiro.
- 2.- Cidade na que faleceu Lois.
- 3.- Estudos que cursou en Madrid durante un curto período de tempo.
- 4.- Apelido dun dos seus compañeiros da revista *Loía*.
- 5.- Apelido doutro compañeiro da revista *Loía*, de nome Antón.
- 6.- Segundo nome de Lois Pereiro.
- 7.- Cidade á que foi estudar idiomas .
- 8.- Título dun dos seus primeiros libros.
- 9.- Estudos que realizou durante a súa segunda estadía en Madrid.
- 10.- Un dos tres idiomas que estudou na Escola Oficial de Idiomas de Madrid.
- 11.- Cidade natal de Lois.

1.-LOIA 2.-A CORUÑA 3.-SOCIOLOXÍA 4.-RIVAS 5.-PATIÑO 6.-ÁNGEL 7.-MADRID  
8.-POEMAS 9.-IDIOMAS 10.-FRANCÉS 11.-MONFORTE



*Á sombra deste horror metalizado  
escribirás os diálogos da morte  
da cóxega homicida da memoria  
no centro xeométrico do choque  
deixando a porta aberta a outras escenas  
na emulsión dos meus ollos que impresionan  
imaxes de accidentes e feridas.*



Lois Pereiro

## 1.- COMPRENDES O TEXTO? \_\_\_\_\_

a.- De que cres que trata a poesía de Lois Pereiro?

---

b.- Onde di o autor que escribirás os diálogos da morte?

---

c.- A que se refire Lois Pereiro cando fala do «horror metalizado»?

**ÁS ARMAS**

**AOS VIRUS**

**AOS COCHES**

**AOS ACCIDENTES**

c.- Que dous tipos de imaxes son as que ten nos seus ollos?

---

d.- Que catro palabras do poema escollerías para definir o que pode ser un accidente de circulación grave?

1


2

3

4

## 2.- CREANDO PALABRAS

Consulta o dicionario e forma palabras de catro letras utilizando só as que compoñen o título do poema de Lois Pereiro «*Car Crash*».



## 3.- FACEMOS UN ACRÓSTICO?

Un acróstico é unha composición poética na que as letras iniciais forman un vocábulo ou unha frase. Fai ti un poema que empece coas letras do título do poema de Pereiro, «*Car Crash*».

**C** \_\_\_\_\_

**A** \_\_\_\_\_

**R** \_\_\_\_\_

**C** \_\_\_\_\_

**R** \_\_\_\_\_

**A** \_\_\_\_\_


**S** \_\_\_\_\_

**H** \_\_\_\_\_


## 4.- OS ACCIDENTES DE TRÁFICO

Observa as estatísticas do ano 2009 e 2010 sobre accidentes de tráfico segundo o tipo de vía pola que transitaba o vehículo.

**ACCIDENTES GRAVES EN 2009, SEGUNDO A ESTRADA**



**ACCIDENTES GRAVES EN 2010, SEGUNDO A ESTRADA**



a.- En que tipo de vía houbo máis accidentes no ano 2009?. Colorea

AUTOVÍA   
  AUTOESTRADA   
  ESTRADA   
  OUTRAS

b.- En que tipo de vía houbo menos accidentes no ano 2010?. Colorea

AUTOESTRADA   
  AUTOVÍA   
  OUTRAS   
  ESTRADA

c.- Ordena os tipos de vías segundo tiveran un menor número de accidentes o ano 2010 e indica o seu número.

1.-

2.-

3.-

4.-



*Da solidez máxica  
das danzantes cordas  
clorofílicas  
entre o menos longo  
o acertado tremor  
e a chamada da montaña  
máis verde e negra  
máis querida e húmida  
máxico e sólido  
seda e decadente.*



*Lois Pereiro*

### 5.- COMPRENDES O TEXTO? \_\_\_\_\_

Arrodea neste rebumbio tres palabras que definan fisicamente como é Irlanda segundo o poema de Lois Pereiro.

VERDE

ESCURA

NEVADA

ALEGRE

RÁPIDA

HÚMIDA

MÁXICA

MONTAÑOSA

Neste outro grupo de palabras hai tres, que aparecen no poema, e que nos indican como é o carácter dos irlandeses. Arrodeáas.

MÁXICOS

ETERNOS

SAUDOSOS

DECADENTES

ARCAICOS

DANZANTES

TERRIBLES

## 6.- QUE SABES DE IRLANDA?

Investiga na internet e indica se é verdadeiro, **V** ou falso, **F**.

- \**Irlanda é unha illa.* \_\_\_\_\_  **V**  **F**
- \**A illa de Irlanda está dividida en dous países.* \_\_\_\_\_  **V**  **F**
- \**Irlanda ten lingua propia diferente do inglés.* \_\_\_\_\_  **V**  **F**
- \**Irlanda é considerado un país celta.* \_\_\_\_\_  **V**  **F**
- \**A bandeira irlandesa ten un dragón.* \_\_\_\_\_  **V**  **F**

## 7.- OS PAÍSES CELTAS

Chámanse países celtas a aqueles países que estiveron poboados, evidentemente, polos celtas. Este grupo de países, sete en total, son *Irlanda, Escocia, Illa de Man, Gales, Cornualles, Bretaña e Galicia*. Sitúa no mapa cada un destes países. Repara nas letras.



## 8.- AS BANDEIRAS

Cada un dos países celtas ten unha bandeira de seu. Averigua a que país corresponde cada unha delas e dálles a cor que se indica.

**IRLANDA:** Está formada por tres barras verticais: verde, branca e laranxa.

**GALICIA:** Toda branca e raia azul que vai de esquerda a dereita e de arriba a abaixo.














**ESCOCIA:** Unha aspa de San Andrés branca sobre fondo azul celeste.

**PAÍS DE GALES:** Un dragón vermello, sobre un fondo superior branco e inferior verde.

**CORNUALLES:** Cruz branca sobre fondo negro.

**ILLA DE MAN:** Bandeira de cor vermella cunha trinacia, símbolo celta formado por tres pés.

**BRETAÑA:** Cinco liñas negras e catro brancas cos once símbolos do duque de Bretaña.



## 9.- GALICIA E IRLANDA. A LENDA DE ITH

As antigas lendas da vella Gallaecia, fálannos de Breogán, fillo de Brath, poderoso xefe celta, fundador de Brigantia (A Coruña), onde construíu un faro, reconstruído despois polos romanos e rebautizado como Torre de Hércules; un día claro, uns dos seus dez fillos, Ith, puido divisar dende o máis alto unhas terras afastadas ao norte. Pronto se preparou unha expedición con rumbo a aquelas afastadas terras, encabezada por Ith.

Este, cando chegou a Irlanda atopouna practicamente deshabitada e xunto aos seus compañeiros dedicouse a explorala, sen saber que estaba rexida polos Tuatha De Danann, deuses vidos do ceo e que con figura humana se aposentaron en Irlanda. Ao coñecer a presenza de Ith nos seus dominios tiveron medo de que intentase conquistar a illa e, despois de tratalo como a un hóspede, decidiron matalo.

O corpo sen vida de Ith foi levado de novo polos seus compañeiros a Gallaecia (Galicia), onde os fillos de Mil, ou Milesios e netos de Breogán, cheos de rabia, embarcáronse cun exército para vingar o asasinato. Unha vez en Irlanda enfrontáronse cos deuses e vencéronos, apoderándose da illa e fundando un novo reino.

De tal modo Breogán de Brigantia, fillo de Brath, sería a semente dos poderosos Gaels, Breogán pai espiritual e avó dos Milesios (fillos de Mil) é sen dúbida o pai mítico das antigas nacións de Galiza, Eire e Alba. (Galicia, Irlanda e Escocia).



LENDAS POPULARES

1.- **Quen era o fillo de Brath?** \_\_\_\_\_

2.- **Cantos fillos tivo Breogán?** \_\_\_\_\_

3.- **Quen eran os Tuatha De Danann?** \_\_\_\_\_

4.- **Quen foi a semente dos poderosos Gaels?** \_\_\_\_\_

***Racismo, coma sempre; xenofobia, produto do novo reparto que quere administrar; a outra cuota da fame, represión e xenocidio que o Sistema se pode agora permitir vai ser modificado e restrinxido. E a sombra que domina é sempre a do vello Poder con distintos disfraces e estratexias ideolóxicas, sociais; cómprices e uniformes diferencian en cada época o sistema policial do que precisan botar man.***



*(MODESTA PROPOSICIÓN PARA RENUNCIAR A FACER XIRAR A RODA HIDRÁULICA DUNHA CÍCLICA HISTORIA UNIVERSAL DA INFAMIA)*

**Lois Pereiro**

## 10.- FORMANDO PARELLAS

Consulta o dicionario e relaciona cada palabra coa súa definición. Colorea a palabra e a definición que che resulta máis desagradable.

**RACISMO**

Matanza sistemática dunha colectividade humana por motivos relixiosos, de raza ou políticos.

**XENOFOBIA**

Acción de reprimir pola forza as sublevacións e protestas populares.

**XENOCIDIO**

Doutrina que propugna a superioridade dunha raza sobre outras, ás que considera inferiores.

**REPRESIÓN**

Rexeitamento de individuos e cousas extranxeiras, por razóns políticas ou sociais.



## 11.- VERDADEIRO OU FALSO? \_\_\_\_\_

Marca **V** se cres que a oración é verdadeira e **F** se cres que é falsa.

- |   |                                   |                                   |
|---|-----------------------------------|-----------------------------------|
| <i>Os países ricos sempre explotan aos países pobres.</i> | <input type="checkbox"/> <b>V</b> | <input type="checkbox"/> <b>F</b> |
| <i>Os países ricos dominan o mundo.</i>                   | <input type="checkbox"/> <b>V</b> | <input type="checkbox"/> <b>F</b> |
| <i>Os ditadores non precisan policía.</i>                 | <input type="checkbox"/> <b>V</b> | <input type="checkbox"/> <b>F</b> |
| <i>Os países pobres non teñen exércitos.</i>              | <input type="checkbox"/> <b>V</b> | <input type="checkbox"/> <b>F</b> |
| <i>Os países ricos teñen exércitos poderosos.</i>         | <input type="checkbox"/> <b>V</b> | <input type="checkbox"/> <b>F</b> |
| <i>Os países poderosos imponen as súas normas.</i>        | <input type="checkbox"/> <b>V</b> | <input type="checkbox"/> <b>F</b> |
| <i>A democracia é o mellor sistema político.</i>          | <input type="checkbox"/> <b>V</b> | <input type="checkbox"/> <b>F</b> |

## 12.- QUEN DOMINOU A QUEN? \_\_\_\_\_

Emparella as dúas columnas con países que foron colonizadores e colonizados ao longo da historia.





### 13.- OS DEREITOS HUMANOS

O 10 de decembro de 1948 a Asemblea Xeral das Nacións Unidas aprobou e proclamou a Declaración dos Dereitos Humanos. Son un total de 30 artigos no que se relacionan os dereitos que todos os seres humanos deberían ter para poder vivir dignamente.

Pensa ti un pouco e fai o enunciado de seis dereitos que consideres básicos para a vida e convivencia dos seres humanos.

1	▶	_____
2	▶	_____
3	▶	_____
4	▶	_____
5	▶	_____
6	▶	_____

### 14.- CON BOAS INTENCIÓNS

Localiza neste rebumbio de letras as dez palabras da dereita relacionadas coa paz e a colaboración entre as persoas e os países.

A	Q	Ñ	D	I	R	P	U	S	R	P	S	D
S	O	L	I	D	A	R	I	E	D	A	D	E
A	T	H	A	R	M	O	N	I	A	Z	A	S
D	H	T	L	S	I	D	I	U	P	S	R	A
X	U	S	T	I	Z	A	C	O	R	D	O	R
P	O	I	G	U	A	L	D	A	D	E	Q	M
L	I	B	E	R	D	A	D	E	A	R	T	E
Q	F	R	A	T	E	R	N	I	D	A	D	E

SOLIDARIEDADE  
FRATERNIDADE  
AMIZADE  
ACORDO  
LIBERDADE  
PAZ  
DESARME  
XUSTIZA  
IGUALDADE  
HARMONÍA